

**PROGRAMACIÓN**

**ANUAL**

**MÚSICA**

**CPI PADRENDA-CRESPOS**

**CURSO 2016/2017**

# ÍNDICE

a. Introducción e contextualización .....	3
b. Contribución da área á consecución das competencias básicas .....	3
c. Obxectivos da área .....	5
d. Concreción dos estándares de aprendizaxe .....	7
e. Concrecións metodolóxicas .....	29
f. Materiais e recursos didácticos .....	29
g. Avaliación .....	30
h. Avaliación do ensino e da práctica docente.....	31
i. Actividades deseguímento, recuperación e avaliación das materias pendentes. ....	31
l. Avaliación inicial.....	31
m. Medidas de atención á diversidade. ....	31
n. Elementos transversais.....	32
ñ. Actividades complementarias e extraescolares .....	32
o. Revisión, avaliación e modificación da propia programación .....	33

### a. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e con elas mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

A escola asegurará a construción de aprendizaxes significativas que partan deses esquemas previos de coñecemento para modificalos, completalos ou reconstruílos. A aprendizaxe sobre as linguaxes artísticas é un proceso inacabado que se segue completando ao longo da vida, tentando sempre atopar solucións para chegar a resultados que supoñan un alto grao de elaboración persoal e a interpretacións e percepcións cada vez máis completas e ricas.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas en que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión de cada nena e de cada neno require de estratexias personalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito artístico. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

O Colexio público integrado Padrenda Crespos situado na localidade de San Roque de Crespos, capital do concello de Padrenda, na parroquia de Crespos, cunha poboación aproximada de 200 habitantes segundo o censo do ano 2001. Está localizado na provincia de Ourense. Situado ao oeste da provincia, próximo ao curso baixo do río Miño, o termo ten 60 km<sup>2</sup>. No núcleo urbano atópase a igrexa de San Roque. A vexetación está composta por carballos, piñeiros, castiñeiros e eucaliptos na súa inmensa maioría. Segundo o IGE, no ano 2007 tiña 2.405 habitantes (2.530 en 2003).

No municipio cultívase o millo, patacas, árbores froiteiras e vide. Existe gañado vacún e porcino. Hai unha canteira de granito e unha central hidroeléctrica en Frieira. Existen tamén manufacturas da madeira. Polo que o nivel socioeconómico das familias é medio-baixo.

A construción consta dunha planta baixa máis dous andares. Na planta baixa está ubicado o comedor e a cociña, a sala de profesores e máis as dependencias do equipo directivo e do departamento de orientación. No primeiro andar atópanse as aulas de Educación Infantil, dúas aulas de primaria, a aula de apoio de Primaria, a Biblioteca, a sala de Audiovisuais, a aula de Informática, a aula de Música, os departamentos de Música e de Educación Física e dúas aulas de Secundaria. No segundo andar atópanse tres aulas de primaria, a aula de apoio de Secundaria, tres aulas de secundaria, os departamentos de Ciencias e Lingua, a aula de Tecnoloxía e a de Técnicas de Estudio.

Ademais do edificio principal hai que sinalar a existencia dun patio, distintos espazos de lecer, e polideportivo, aulas específicas, aulas de vídeo e outros espazos.

### b. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Neste Proxecto Curricular establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das sete Competencias Básicas. As competencias de Educación Artística, detállanse a continuación:

#### **Competencia lingüística**

- Valorar a obra artística.

- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.
- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

#### **Competencia dixital**

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar info. sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

#### **Aprender a aprender**

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

#### **Competencias sociais e cívicas**

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

#### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.

- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

#### **Conciencia e expresións culturais**

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

### **c.OBXECTIVOS DA ÁREA**

- Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
- Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
- Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.
- Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
- Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
- Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
- Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
- Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o

enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

- Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
- Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.
- Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

**d. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Debido ao carácter primordialmente práctico desta materia, os contidos e estándares de aprendizaxe traballaranse ao longo do curso.

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		PRIMEIRO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j b	<p>B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</p> <p>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</p> <p>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</p> <p>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</p> <p>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.</p> <p>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</p>	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	CECC CAA
			EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
			EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
			EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CCEC CD
			EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.	CCEC
j a	B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	CSC CCEC
			EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	CSC CCEC
j	<p>B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.</p> <p>B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).</p>	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.	CCEC
			EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	CCEC

j e	B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.	B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC
			EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
j e	B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica. B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	CCEC
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
j b	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CCEC CMCCT CAA
			EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC CAA
j b	B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
			EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	CCEC CAA
			EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	CAA
			EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	CCEC CCL CMCCT
j	B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.	B2.3. Reproducir, crear e representar	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con	CCEC



b	<p>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.</p> <p>B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.</p> <p>B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</p> <p>B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</p> <p>B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</p>	esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	fórmulas rítmicas básicas.	CMCCT
			EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	CAA CCEC CMCCT
			EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	CCEC CAA
			EMB2.3.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
			EMB2.3.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>				
j b a	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
			EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CCEC CSC
j	<p>B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.</p> <p>B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.</p>	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
			EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEGUNDO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j b	<p>B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</p> <p>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</p> <p>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</p> <p>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</p> <p>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</p> <p>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</p>	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	<p>EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</p> <p>EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</p> <p>EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</p> <p>EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.</p> <p>EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</p>	<p>CCEC CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CCEC</p> <p>CCEC CD</p> <p>CCEC</p>
j b	B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	CSC
j d o	<p>B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</p> <p>B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</p> <p>B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</p>	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	<p>EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.</p> <p>EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</p>	<p>CCEC CAA</p> <p>CSC CCEC CAA</p>

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEGUNDO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
j e	B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.	B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC
			EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
			EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	CSC
j	B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter. B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.15. Forma musical: repetición e contraste. B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. B1.17. Pulso e acento. Compás binario.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	CCEC
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
j	B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.	B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
j	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CMCCT CCEC
			EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEGUNDO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
j	B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono.	B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula.	EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.	CCEC CAA
j k	B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
			EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	CCEC CAA
			EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	CAA
			EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	CCEC CAA
j b	B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas. B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais. B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.	B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
			EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	CCEC
			EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.	CCEC CAA CMCCT
			EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
			EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEGUNDO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
	B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.			
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>				
j b d	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
			EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CSC
j o	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega. B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
			EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		TERCEIRO CURSO	
Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j d o	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a algunha representación musical. B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias. B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC
			EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
j	B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.7. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CMCCT
j	B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte. B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro). B1.10. Compases binarios e ternarios.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
			EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC CAA
j	B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.	B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA
			EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		TERCEIRO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
			EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA CCL
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
j b	<p>B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.</p> <p>B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</p> <p>B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.</p> <p>B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.</p> <p>B2.5. Dobre barra e DC.</p> <p>B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.</p> <p>B2.7. Ditados melódicos sinxelos.</p>	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	<p>EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</p> <p>EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</p> <p>EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> <p>EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.</p>	CCEC CAA  CCEC CAA  CCEC CSC  CAA
j b	<p>B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.</p> <p>B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.</p>	B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	<p>EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.</p> <p>EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</p>	CAA CCEC CSIEE  CSC
j	B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos	CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		TERCEIRO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
d	oral ou escrito. B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. B2.12. Construción dun instrumento.	sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CCEC
			EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>				
j	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA
			EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
j d o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CSC
			EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC



ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		CURSO CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j d o	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior. B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias. B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCL CCEC  CCL CCEC  CSC  CCEC CAA
j	B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.7. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCL CCEC
j	B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (duo, trío, cuarteto, orquestra e banda). B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CAA CCEC  CCL CCEC  CCEC CMCCT
j	B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento,	B1.4. Coñecer e identificar as principais	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os	CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		CURSO CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
do	vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada). B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación. B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.	familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	instrumentos.	CCEC
			EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	CAA CCEC
			EMB1.4.3. Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CSIEE CD
ji	B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó. B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.	B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.	EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e representao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CAA CCEC
			EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.	CAA CCEC
			EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CAA CCEC
			EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.	CCEC CD
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
jb	B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións. B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas. B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC CAA
			EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC CAA
			EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen	CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		CURSO CUARTO	
Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
	B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia. B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios. B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.		acompañamento.  EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.	CSC  CAA CSC
j b	B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.	B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.  EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CAA CCEC  CSC
j d	B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentais e dispositivos electrónicos. B2.11. Invención e construción dun instrumento.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.  EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CD CAA CSIEE  CCEC CSIEE
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>				
j	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.  EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC  CCEC CAA CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		CURSO CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
j b o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CAA
			EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CAA CCL
			EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		QUINTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j a	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a representacións musicais.	B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CSC
			EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		QUINTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
j h	B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.4. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CCL
j	B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais. B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC CCL
			EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC CAA
			EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCCT
			EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC
j i	B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.	B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuir á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	CD CSIEE
			EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	CAA CSIEE
			EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	CIEE CCL
j d	B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.). B1.11. Instrumentos doutras culturas.	B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	CCEC CAA CCL

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		QUINTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
			EMB1.5.3. Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA
j	B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó. B1.13. Melodías con cambios de compás.	B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA CCEC CMCCT CAA CCEC CAA
j d	B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceirtas.	B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.	CCEC CCL CD
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
j b	B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.	B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CCEC CAA CCEC CAA CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		QUINTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
	B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios. B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.		EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar	CAA
j b	B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. B2.7. Proxecto: concerto ou musical.	B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	EMB2.2.1. Crea e representa mediante graffías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. EMB2.2.3. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	CCEC CAA CCEC CAA CSC CCEC CAA
j i	B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. B2.10. Invención e construción dun instrumento. B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CD CAA CCEC CAA
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>				
j	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento	B3.1. Empregar as posibilidades expresivas	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		QUINTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
b	rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.  EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CSC  CCEC CAA CMCCT
j b o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.  EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.  EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CMCCT  CCEC CSC  CCEC CSC
j b	B3.5. Proxecto: certame de danza.	B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.	EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.  EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.  EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.  EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.	CSIEE CAA CMCCT  CSC  CCL  CAA



ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEXTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
j b e	B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CCEC CCL CAA
b e o	B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CCEC CAA CCL CSIEE CAA
h a d	B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.	EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	CSC CCEC CSC CCEC
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL</b>				
j e k	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.	B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.	CCEC CAA CCL

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEXTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
j b	<p>B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.</p> <p>B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</p> <p>B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</p> <p>B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</p> <p>B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</p> <p>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</p> <p>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.</p>	<p>B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</p>	EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	CCEC CAA
			EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC
			EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC
			EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA CCEC
			EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CCEC
			EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
			EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	CAA
i j	<p>B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</p> <p>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</p> <p>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e</p>	<p>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p>	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA
			EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD
			EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos	CD

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEXTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
	<p>expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.</p> <p>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.</p>		informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CCEC
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>				
j b h/d o	<p>B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</p> <p>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.</p> <p>B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.</p> <p>B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</p> <p>B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.</p>	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CAA CCEC
			EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC
			EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC
			EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	CSC CCEC
			EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CAA CCEC
			EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	CAA
			EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias	CAA CSC

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL		SEXTO CURSO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
			posibilidades e nas das demais persoas.	
			EMB3.1.8. Aмосa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	CSC

### e. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía varía dependendo do trimestre e do nivel dos/as alumnos/as.

No primeiro trimestre preténdese introducir ós alumnos e alumnas do primeiro curso no mundo da música, intentando que se vaian familiarizando coa linguaxe musical non convencional para máis adiante ampliar eses coñecementos.

O resto dos alumnos e alumnas dos demais cursos teñen coñecementos previos polo que a finalidade na primeira avaliación é repasar e afianzar eses coñecementos previos de acordo coa idade e o nivel dos alumnos/as.

Durante o segundo trimestre introducíranse os novos contidos de forma gradual e significativa para facilitar a comprensión e adquisición. O obxectivo esencial é afianzar os conceptos musicais básicos para construír aprendizaxes cada vez mellor estruturadas. Para iso, destacaranse os seguintes aspectos:

- ✓ A importancia de transmitirles aos alumnos o gozo que proporciona a música nas súas diferentes manifestacións.
- ✓ O valor do coñecemento musical para utilizar cada vez mellor a música como vehículo de expresión e comunicación.
- ✓ A valoración do patrimonio musical e o respecto das diferenzas culturais.
- ✓ As posibilidades que ofrece a música para compartir tarefas e actividades con outras persoas e en diferentes situacións.

No terceiro trimestre é importante que os nenos e nenas afiancen os contidos que adquiriron no curso. Hai que destacar dous aspectos:

- ✓ A relación entre os contidos musicais novos e as experiencias musicais previas.
- ✓ Os aspectos relacionados cos recursos expresivos da música que durante este curso se abordaron con maior insistencia.

Os alumnos realizarán diferentes actividades acordes á súa idade, lúdicas, que sexan atractivas e divertidas para eles pero sobre todo dirixidas cara a un contido específico que queremos traballar. Están pensadas para tirar o máximo proveito de cada clase.

A partir do segundo ciclo, algunhas unidades van acompañadas dunha pequena e sinxela teoría para que os alumnos poidan recorrer a ela. É a partir destes niveis cando se comezará a práctica coa frauta. No terceiro curso comezarase a partir do segundo trimestre mentres que nos cursos posteriores comezarase desde o primeiro trimestre. Ademais da frauta traballaremos na aula tamén cos metalófonos e xilófonos. No primeiro ciclo os alumnos e alumnas traballarán con instrumentos de pequena percusión para familiarizarse co ritmo na música.

**Estilos de ensinanza.** Os estilos de ensinanza empregados van dende os máis directivos (como poden ser un mando directo ou asignación de tarefas) ata os menos directivos (como a resolución de problemas, a libre exploración) pasando por estilos que fomentan incluso a participación, xa que serán seleccionados en cada momento en función os intereses educativos de cada situación

### f. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- ✓ Instrumentos de pequena percusión.
- ✓ Frauta.
- ✓ Instrumentos escolares de placa: xilófonos, metalófonos, carrillóns.
- ✓ Materiais de reciclaxe.
- ✓ Lapis de cores, rotuladores e lapis de grafito.
- ✓ Material funxible: xices, papel pautado...
- ✓ Equipo informático, proxector, equipo de son, vídeo...
- ✓ Material para a audición de elementos naturais, música infantil e diferentes estilos musicais.

## g. AVALIACIÓN

### ■ **Procedementos:**

A avaliación debe entenderse como un conxunto de actividades programadas para recoller e analizar información e por iso debe dotarse de técnicas e instrumentos que garantan a súa calidade facendo dela un proceso rigoroso e sistemático.

Esta avaliación tamén terá que servir para realizar unha avaliación da práctica docente, co fin de comprobar a adecuación de aspectos como: os obxectivos e contidos propostos, actividades propostas, metodoloxía empregada, organización do tempo, materiais elixidos, duración de cada unidade...

A avaliación na educación artística está dividida en **tres fases**:

1. **Avaliación inicial**: obtén resultados sobre os coñecementos previos do alumnado, permitindo adaptarse ás realidades e expectativas dos alumnos e alumnas.
2. **Avaliación formativa**: é un proceso continuo, explica todo o que acontece. Serve para corrixir e mellorar, tanto ao alumnado como ao docente sobre o proceso educativo.
3. **Avaliación sumativa**: nesta avaliación compróbase se os alumnos e alumnas adquiriron os obxectivos establecidos nun primeiro momento.

### ■ **Instrumentos:**

A observación continua e sistemática do alumnado. Neste punto daráselle moita importancia ó interese e á participación na clase, así como ó comportamento.

Boa presentación nos cadernos, libros e materiais a empregar na aula

Diario de clase.

Rexistro de anécdotas.

Probas obxectivas puntuais para comprobar se se están a adquirir os obxectivos establecidos, aínda que é importante recordar que en educación artística o importante non é tanto o traballo final como todo o proceso.

Revisión de tarefas.

En educación musical é normal a avaliación en grupo onde todos os alumnos participan, comparten argumentos, ven os erros dos demais e aprenden uns dos outros.

### ■ **Criterios de cualificación**

Para valorar ós alumnos terei en conta dunha forma equitativa en todos os cursos tanto as súas capacidades e coñecementos sobre música como o interese na clase por mellorar, así como a participación e o comportamento, xa que hai que ter en conta que non tódolos rapaces contan coas mesmas capacidades.

Os criterios que utilizaremos á hora de avaliar serán os seguintes:

- ✚ No grupo formado polos alumnos do 1º ciclo: Observación do traballo que se realiza na clase tendo en conta a participación activa nas actividades de clase, a actitude e o comportamento e a limpeza nos exercicios que realicen.
- ✚ Nos restantes cursos (3º, 4º, 5º e 6º): Dividirase a nota da avaliación en catro apartados:
  1. **Participación**. Puntuaranse positivamente as respostas acertadas ao longo da clase e as respostas incorrectas non serán puntuadas o que permitirá ver que contidos necesitan ser reforzados ou explicados novamente. Por outro lado tamén se valorará de forma positiva a participación responsable nas actividades que se propoñan. (40% da nota).
  2. **Comportamento**: Valorarase positivamente o comportamento ao longo de cada sesión e negativamente cando de produzan feitos graves que dificulten o traballo na aula. (20% da nota).
  3. **Material**: Terase en conta á hora de avaliar a responsabilidade dos nenos/as á hora de traer o material necesario ás sesións (carpeta coas fichas que se traballen en clase, libro, estoxo, agenda e fruta). Tamén estará incluído neste apartado a non realización daquelas tarefas que se marquen como reforzo das sesións anteriores). No caso de que isto se produza, informarase aos pais por medio da agenda das faltas de material e traballos; podendo ao terceiro aviso, fixar unha reunión cos pais e incluso, se a situación persiste, podería ser motivo de suspenso. (20% da nota).

- 4. Fruta:** En cada trimestre os alumnos deberán interpretar como mínimo dúas fichas elaboradas polo mestre para aprobar a materia. No terceiro curso, ao ser o primeiro no que comezan a tocar a fruta, pode haber maior flexibilidade á hora de avaliar este apartado. Terán liberdade para tocar cantas fichas queiran. Valorarase moi positivamente o interese por mellorar. (20% da nota).

Esta información comunicaráselles, tanto aos alumnos coma aos pais, ao comezo do curso e recordaráselle sempre e cando se vexa necesario ao longo do mesmo.

#### **h. AVALIACIÓN DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.**

Ao longo do curso, realizaremos diversas reflexións e postas en común co grupo de alumnos/as para avaliar o noso proceso de ensino e aprendizaxe, co fin de adecuar a programación ó máximo ás necesidades e intereses do noso alumnado. Para iso teremos en conta cada un dos seguintes elementos:

**a) Adaptación:** A adecuación ao contexto no que nos atopamos así como ao nivel e intereses do noso alumnado.

**b) Satisfacción:** A educación debe xerar unha opinión favorable dos outros axentes implicados no proceso, especialmente estudantes, familias e compañeiros docentes.

**c) Eficiencia:** o ensino, considerando os recursos dos que dispomos, fomentando ó máximo posible o desenvolvemento das competencias básicas establecidas no currículo; en definitiva, a consecución dos resultados esperados.

**d) A innovación de ensino:** A educación debe ser tratada a partir dunha reflexión sobre a propia práctica que promove a aprendizaxe de toda a comunidade educativa a través da auto-educación ou formación rexidas pola experiencia vivida, e debe ser desenvolvido a partir dunha vontade de introducir os cambios que consideremos precisos para a mellora do proceso de ensino aprendizaxe e con ela, dos resultados académicos.

#### **i. ACTIVIDADES DESEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Programaranse actividades de reforzo e recuperación especialmente deseñadas para todos aqueles alumnos e alumnas que non superaran a materia nalgún dos trimestres. Estas actividades tentarán ser primordialmente prácticas e adaptadas ao mínimo esixido para a superación da materia en cada un dos casos; adecuándonos o máximo posible aos intereses e capacidades de cada un dos alumnos que se atopen nesta situación.

#### **I. AVALIACIÓN INICIAL.**

Ao comezo de curso realizaremos unha avaliación inicial co fin de obter resultados sobre os coñecementos previos do alumnado, os seus gustos e intereses; o que nos permitirá adaptarnos ás realidades e expectativas dos alumnos e alumnas, e de ser necesario realizar os cambios que consideremos oportunos na programación de aula.

#### **m. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

As medidas de atención á diversidade son de distintos tipos:

- ✓ Adaptacións metodolóxicas de agrupamentos, de espazos, tempos e grao de complexidade das actividades.
- ✓ Selección de materiais específicos e uso das TIC.
- ✓ Adaptación de obxectivos, contidos e avaliación.
- ✓ Material de reforzo e ampliación para cada unidade no caso de que sexa necesario.

## n. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O carácter práctico e variado desta materia fomentará a formación e desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas. Non só nos contidos propiamente recollidos nesta materia, senón que traballaremos, dunha forma globalizada, os elementos transversais recollidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto traballaremos:

1. **Comprensión lectora:** dende a área de educación artística realizaremos lecturas de textos relacionados coa vida e obra de certos artistas e músicos. Tamén se realizarán musicalizacións de poemas e textos de autores da nosa literatura e o estudo e análise de textos de cancións. Ademais de todo isto, participaremos na Hora de lectura proposta polo centro, na que, dependendo do curso, se proporán obras literarias e libros musicais adaptados ao noso alumnado.
2. **A expresión oral e escrita:** por medio de musicalizacións de textos literarios e de produción propia, a elaboración de traballos de investigación relacionados coa materia, etc.
3. **A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación:** na materia de música empregaranse as TIC para visualizar vídeos relacionados coa materia a tratar, xa que se considera un xeito ideal de achegamento ao mundo artístico. Aproveitaremos todos os recursos dispoñibles para a escoita activa de pezas musicais de diversos estilos, recoñecemento visual e auditivo de diferentes instrumentos, "asistencia virtual" a concertos de música de diversos estilos, traballo de dinámicas, tempo....mediante o acompañamento de pezas musicais escoitadas, execucións de obras de acompañamento para as nosas interpretacións...Tamén empregaremos programas educativos en formato dixital para o traballo de aspectos puntaus que así o requiran. Os obxectivos do PLAN TIC son, en liñas xerais, os seguintes:
  - Integrar as TIC como un recurso máis ao proceso de ensino – aprendizaxe.
  - Alternar os métodos de ensino tradicionais coas novas tecnoloxías na ensinanza dun mesmo tema.
  - A capacitación do alumnado como usuarios das TIC para aprender e practicar o que se aprende utilizando o ordenador.
  - A formación do alumnado para que sexa capaz de buscar información en internet ademais de nos libros de texto.
  - A motivación do alumnado e do profesorado para implicarse na educación a través de novos medios que suscitan o interese e chaman a atención.
4. **O emprendemento e a educación cívica e constitucional:** como se leva repetindo ao longo desta programación; o carácter práctico, lúdico e participativo que se lle pretende dar a esta materia fomentará a formación dunha personalidade máis forte e definida, aumentando a autoestima e seguridade dos alumnos/as nas súas producións propias. Polo tanto, desenvolverase unha actitude máis crítica coa sociedade da que forman parte e moito máis emprendedora e activa.
- 5.

## ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso os alumnos e alumnas participarán en todas aquelas actividades que se realicen a nivel de centro (Magosto, Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,...) nas cales a área de educación artística vai estar moi presente. Tamén participarán nas saídas que se realicen ao longo do curso.

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de educación infantil a primaria, debido ao grande éxito do proxecto do ano anterior. Así damos continuidade ao proxecto anterior “os meus veciños europeos”, xa que ampliamos a perspectiva a todo o mundo.

Ademais as Nacións Unidas proclamou o ano 2017 como “ano internacional do turismo sostible para o desenvolvemento”. A designación deste ano internacional intenta promover unha mellor comprensión entre os pobos en todas partes, conducir a que se tome unha maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ao fortalecemento da paz no mundo.

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación da



comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia.

O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase.

Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente aos centros de interese do alumnado.

De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

1º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	GASTRONOMÍA	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país / Sobremesas de outono
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos
2º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ENTROIDO	Disfrace e baile da zona xeográfica
	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa relevancia para a paz.
3º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	FLORA	EXPOSICIÓN
	FAUNA	
	ESPAZOS NATURAIS	
	MONUMENTOS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países elixidos

#### **o. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

Avaliarase a programación ó final de cada trimestre cunha proba obxectiva, ben teórica, práctica ou unha combinación das dúas. Se os resultados dos alumnos son satisfactorios, a avaliación da programación tamén o será. En caso de que haxa obxectivos que non foron alcanzados ou nos que o alumnado presentou dificultades, volverase a eles cambiando a metodoloxía para adaptala ás necesidades dos nenos e nenas.

Tamén se avaliará a programación de maneira continua mediante a observación continuada e sistemática, a cal se rexistrará. Deste xeito poderase modificar a metodoloxía en caso de detectar problemas na adquisición dos obxectivos didácticos establecidos para cada sesión.